



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

**LUCÍA ARTIME ALONSO, SECRETARIA XERAL DO ILTMO. CONCELLO DE BUEU (PONTEVEDRA)**

**CERTIFICO:**

**Que o Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada con carácter ordinario o 6 de Outubro de 2.010 coa inasistencia dos Sres. Concelleiros D<sup>a</sup> Alicia Fiel Sanmartín, D. Miguel Juncal Pereira e D. José Menduiña Rodríguez cos votos favorables do BNG (9) e do PSOE (2) e o voto en contra do PP (3)**

**Previa declaración da urxencia na forma regulamentaria, prestouse aprobación á proposta da Mesa de Contratación que a seguir se transcribe dun xeito literal:**

**Proposta da mesa de contratación para adxudicación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración do contrato de concesión de obra pública de tanatorio a ubicar no parque empresarial de castiñeiras:**

Efectuado o procedemento de adxudicación do contrato seguido neste Concello para a concesión da obra pública de tanatorio a ubicar no parque empresarial de Castiñeiras

Vistas as actas da mesa de contratación realizadas.

Realizados os estudos pertinentes sobre a única oferta presentada por Alfonso Iglesias S.L., co voto unánime dos seus membros , esta mesa eleva ó órgano de contratación a seguinte proposta de adxudicación:

- 1) Adxudicar provisionalmente o contrato de concesión de obra pública de tanatorio a ubicar no parque empresarial de castiñeiras á empresa Alfonso Iglesias S.L. con C.I.F. B-36243376.
- 2) Autorizar o listado de prezos presentado pola adxudicataria para o servizo de cafetería e floristería
- 3) Publicar este acordo no perfil do contratante notificando o dito acordo ó licitador adxudicatario.

O que se certifica coa salvedade do art. 206 do RD 2568/1986 e co Visto e Prace do Alcalde Presidente en Bueu a oito de Setembro de dous mil dez.

A SECRETARIA,

Vº e PRACE, O ALCALDE,

Asdo. Lucía Artime Alonso

Asdo. Félix Juncal Novas